

COMISIÓN DE PERSOAL DO 16 DE MAIO DE 2023

O día 16 de maio, celebrouse a xuntanza ordinaria da Comisión de Persoal na que se tratou un único punto da orde do día:

1.- Aprobación da RPT da Consellería de Medio Rural referida a funcionarización dos postos de persoallaboral do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

- Ningún persoal do SPIF **terá complementos de funcionarización**
- Todo o persoal funcionarizado **verá incrementada, en maior ou menor medida as súas retribucións anuais brutas, polo que, subirá a base de cotización de cara a xubilación.**
- Todo o persoal fixo e temporal de 9 meses, **pasará a traballar xa neste 2023 todo o ano (mais de 600 postos).**

Por todas estas cuestións o **VOTO de CCOO foi A FAVOR**. Os que votaron en contra terán que explicarllo ben e sen buscar escusas absurdas, aos traballadores/as funcionarizados do SPIF.

2.- Rogos e preguntas: A DXFP informa:

- **Negociación acordo FISP:** que hoxe mesmo remitiran un novo texto de acordo, dando un prazo de alegacións ata o día 24.
- **Negociación acordo compensacións festivos e domingos e outras cuestións:** que nos próximos días remitirán un documento para iniciar dita compensación.
- **Procesos selectivos:** que na semana que ven se remitiran as prazas para a elección de destino das seguintes escalas/categorías: educador, veterinario (funcionario e laboral) e Auxiliar de clínica e Traballador social, para que poidan darse as eleccións de destino na primeira quincena do mes de xuño
- **Pago carreira profesional:** neste mes farase o recoñecemento, en nómina, dunhas 1.000 persoas que estaban pendentes.
- **Apertura novo prazo carreira profesional:** que na próxima xuntanza da convocatoria da Comisión de seguimento tratarase a posibilidade dunha nova convocatoria, para solicitar os graos I e II extraordinario.
- **Novos procesos funcionarización:** que se fará unha nova convocatoria de repesca antes do mes de agosto (para as persoas que non acudiron á primeira convocatoria, por diversos motivos), ou para os que non podían presentarse naqueles momentos.
- **Convocatorias lei 20/21:** que se publicaran só as listaxes de admitidos/as coa información de se teñen que realizar ou non a proba do CELGA.
- **Recoñecemento grao discapacidade EVOs:** que respecto dos problemas coa nova aplicación da norma que regula o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, xa se puxeron en contacto co Ministerio para dar unha solución, mediante a formación de varias persoas que asistiron en Madrid a cursos, para logo trasladar esa información ao persoal en Galicia, chegándose a un acordo de que durante o período de rodaxe, os obxectivos marcados da realización do número de valoracións diarias, se vexan reducidos.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasanería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

